

Comunicación, Política e Construcción Nacional: una aproximación a Timor Leste

Alberto Pena¹

Resumen: Este artículo pretende ser una contribución para el conocimiento de la historia del proceso de independencia de Timor Este después de la colonización indonesia, entre 1975 y 1999, que intentó asimilar la cultura timorese por medio de la represión política y militar. El objetivo principal de esta investigación, que reflexiona dentro del contexto simbólico de la lusofonía, es estudiar cómo se realizó la campaña de comunicación por la autodeterminación del pueblo timorese y su importancia estratégica para la resolución del conflicto y la construcción de la identidad nacional de Timor Oriental.

Palabras clave: Timor Oriental, comunicación, construcción nacional, independencia, colonización.

Resumo: Este artigo pretende ser um contributo para o conhecimento da historia do processo de independencia de Timor Leste depois da colonização indonesia, entre 1975 e 1999, que tentou asimilar a cultura timorese por medio da repressão política e militar. O objectivo principal desta investigação, que reflecte dentro do contexto simbólico da lusofonía, é estudar cómo se realizou a campanha de comunicação pela autodeterminação do povo timorese e a sua importância estratégica para a resolução do conflito e a construção da identidade nacional de Timor Oriental.

Palavras chave: Timor Leste, comunicação, construção nacional, independencia, colonização.

Abstract: This article seeks to be a contribution for the knowledge about the West Timor independence process history after the indonesian colonization, between 1975 and 1999, which tried to assimilate the timorese culture by politic and military repression. The main objective of this investigation, inside the "lusofonía" symbolic context, is to study how was realized the timorese people communication campaign for self-determination and its strategic importance to get the conflict solution and the identity national construction of West Timor.

Keywords: West Timor, communication, national construction, independence, colonization.

1. Introducción

Por qué Timor Oriental non conseguiu convertirse nunha nación libre e independente ó mesmo tempo que o fixeron tódalos territorios africanos que formaron parte do imperio colonial portugués e que agora forman parte do universo simbólico da lusofonía? A resposta é moi sinxela: porque Timor Leste seguiu sendo unha colonia que cambiou de potencia colonial, pero a maioría dos seus habitantes continuaron loitando por conseguir un obxectivo que Angola, Mozambique, Cabo Verde, Guiné-Bissau e Santo Tomé e Príncipe acadaron en 1975. Timor Leste convertiuse nunha nación recoñecida pola ONU, como membro de pleno

¹ Doctor Europeo en Ciencias da Comunicación pola Universidade Complutense de Madrid. Profesor Titular de Historia da Propaganda na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo-Campus de Pontevedra. E-mail: alberto@uvigo.es

dereito da comunidade internacional de países independentes que a integran, o 20 de maio de 2002. Transformouse así na nación máis nova do mundo, pero tamén, debido ó longo conflito cos seus colonizadores indonesios, segundo algunhas organizacións de carácter humanitario, adquiriu a triste condición de nación máis pobre Asia e unha das máis pobres do mundo.

Hai moitos paralelismos e tamén algunhas diferencias entre as nacións africanas de lingua portuguesa e Timor Leste. Aínda que é importante, tal vez o relevante non é só que compartan o mesmo universo simbólico da lusofonía, senón a búsqueda e a forxa dunha identidade propia a partir dun pasado común que os vencella a Portugal durante varios séculos, nos que o imaxinario semántico da lingua e os valores transmitidos entre as xeneracións deixaron unha pegada indeleble na cultura africana e timorense. Xa que logo, é necesario non prescindir de Timor Leste e da súa sociedade para poder comprender en toda a súa dimensión a realidade da parte de África que un día formou parte de Portugal e viceversa, do mesmo xeito que o fixo Timor Leste, tendo en conta, ademáis, que moitos timorenses estableceron comunidades en varios territorios da lusofonía, nomeadamente en Mozambique e no propio Portugal. Por outro lado, África e Timor Leste comparten a mesma historia do esquecemento e precisan construír ou reconstruír a súa memoria para enfrentarse ó futuro con esperanza. Sen Historia non hai futuro, polo menos un futuro con memoria, que é a que dá sentido ó porvir.

Este traballo pretende ser unha reflexión académica sobre o nacemento dunha nova nación, unha nación completamente libre, e as circunstancias que acompañaron a súa liberación. A esperanza de paz e liberdade da sociedade timorense foi a esperanza da sociedade portuguesa e das sociedades africanas que se identificaron ca loita e cos valores do pobo timorense na defensa da súa cultura e autodeterminación.² O artigo é unha achega científica ó coñecemento dalgúns das claves máis importantes na forxa da identidade do pobo de Timor Leste a partir da campaña internacional pola independencia. A sociedade desta ex colonia portuguesa, que estivo baixo o iugo da dictadura indonesia durante máis de vinte anos tra-lo derrubamento do Estado Novo, sufriu por parte do goberno de Suharto unha política de degradación da súa propia identidade e das súas tradicións e valores culturais para propiciar así unha rápida integración en Indonesia como a 27ª provincia deste inmenso país insular. Con esta breve aportación, o que se pretende é facer unha reflexión, fundamentada en fontes bibliográficas, hemerográficas e documentais, sobre cómo o pobo timorense construíu e reconstruíu a súa identidade durante o proceso de liberación ata

² Este traballo está baseado en diversas fontes documentais e bibliográficas, así como na experiencia profesional como xornalista do autor, que tivo a honra de participar como membro da Misión de Paz em Timor, entre 1991 e 1992.

convertirse nun país independente politicamente, aínda que dependente noutros moitos aspectos.

Facer unha incursión científica sobre un fenómeno tan transversal e poliédrico como o que se propón no título deste texto, sempre é un risco; porque esta abordaxe require facer un esforzo de comprensión de varias dimensións de análise que deben converxer nun discurso académico coherente sen caer na simplificación. Resulta evidente que escribir sobre a construción nacional dun territorio, sobre a historia dunha nación que acaba de nacer e sobre o impacto informativo do proceso de construción deste novo país chamado Timor Leste, esixe, de partida, unha forte inxección de humildade para establecer, antes de nada, que a pretensión deste breve estudo é soamente unha tentativa de aproximación. Xa que logo, é necesario entender este traballo dende a dificultade que comporta adentrarse nun escenario científico insuficientemente estudado, no que reflexionar sobre conceptos como “identidade” (Cabecinhas, 2006) ou “nación” precisaría dunha profunda disquisición intelectual que, neste artigo, non podemos abordar; porque o obxectivo fundamental deste sucinto estudo é prestar atención ós acontecementos que marcaron a recente Historia (e o futuro) dunha nación que acaba de cumprir un decenio de existencia (Pena, 2004).

Na actualidade, cando facemos memoria sobre o conflito de Timor Leste, non podemos evitar lembrarnos dos trágicos sucesos acontecidos os días precedentes e posteriores ó referéndum celebrado naquel territorio o 19 de agosto de 1999, no que os timorenses decidiron se a antiga colonia portuguesa debía rexir o seu destino fora de Indonesia, tal e como era preceptivo tra-lo inicio do proceso de descolonización en 1974, ou preferían continuar como unha provincia dentro do réximen militarista de Iakarta, que tiña desencadeado unha forte represión dende a invasión do territorio o 7 de decembro de 1975 co consentimento de Estados Unidos (Val-Flores, 2006; Pires, 1994; Taylor, 1991; Magalhães, 1992 e 1999; Jolliffe, 1978; Gunn, 1994; Gusmão, 1994). O resultado da consulta popular é coñecido: o pobo timorense (cuxa etnia maioritaria e con máis proxección identitaria é a maubere) escolleron a independencia.

Dende a cruel invasión indonesia ata a década dos noventa, o pobo timorense, maioritariamente católico e que tiña como idioma oficial o portugués (agora tamén o tetun³), dentro dun país de crenza fundamentalmente musulmana e con decenas de linguas, o drama timorense era un asunto descoñecido para a opinión pública internacional. Moi

³ Queremos salientar, dentro das iniciativas para a recuperación da identidade maubere, a recente publicación de libros na lingua tetun. Sobre os aspectos da política lingüística timorense pode verse: Corte-Real, B. & Brito, R. (2006). Neste contexto, destaca o proxecto Bolboreta, desenvolvido pola Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada (ALGA), que, en colaboración co Ministerio de Educación de Timor Leste, acaba de editar en tetun a obra do escritor galego Manuel Rivas *A lingua das bolboretas*, que forma parte da biliografía escolar e das leituras recomendadas nas campañas de alfabetización de adultos.

poucos eran os que, máis alá da sociedade portuguesa, dalgunhas organizacións humanitarias e cidadáns ben informados, tiñan ouvido falar de Timor Leste. Os “gritos do silencio” (por empregar a metafórica expresión do filme dirixido por Roland Joffé en 1984 sobre a guerra civil de Camboia) acadaron a retina ou o corazón da comunidade internacional cando as cámaras dos medios de comunicación mundiais orientaron os seus obxectivos cara aquel esquecido lugar a principios da década dos noventa. O xenocidio da antiga colonia portuguesa, que tiña sido abandonada á súa sorte pola ONU e polas potencias internacionais, que preferiron manter o *status quo* político, en contra dos dereitos (avalados por varias resolucións da ONU, que Indonesia nunca recoñeceu), saiu á superficie informativa grazas á acción propagandística da Resistencia Timorese no exterior e á axuda prestada pola Igrexa Católica, o Estado portugués e diversas organizacións non gubernamentais que se implicaron nunha campaña de propaganda internacional a favor da liberación do pobo timorense (Martin, 2001; Carrascalão, 2002).

2. Timor Leste na encrucillada lusófona: diplomacia, política e propaganda

O conflito de Timor Leste tivo un extraordinario impacto mediático en Portugal ó longo das últimas tres décadas, transformándose nun dos asuntos de maior relevancia na axenda dos medios portugueses. Esta circunstancia sensibilizou á sociedade portuguesa e ás sociedades lusófonas no seu conxunto, que ollaron o conflito con Indonesia como un asunto de máximo interese nacional. Os medios de comunicación portugueses amosaron unha especial empatía co drama timorense publicando numerosas noticias que relataban episodios da represión indonesia nun territorio que, segundo algunhas crónicas xornalísticas recordaban, dende meados do século XVI foi base de aprovisionamento para os navegantes lusos en Oceanía.

A conciencia nacional portuguesa despertou un sentimento de solidariedade polos acontecementos en Timor, ó igual que os países africanos que foran colonizados Portugal, que apoiaron sen condicións o dereito do pobo timorense a converterse nunha nación libre, como tiña sucedido con todas as ex colonias lusas. O Estado e a sociedade portuguesa son conscientes de que máis de oitocentos mil cidadáns timorenses, que posuían a nacionalidade portuguesa ata o 7 de decembro de 1975, data da invasión indonesia, foron abandonados ó seu trágico destino diante da imposibilidade de que o goberno, mergullado no proceso revolucionario do 25 de abril, puidese facer nada para impedir a ocupación militar da súa colonia. Unha traxedia perpetuada dende entón, que, segundo cifras de organizacións humanitarias, chegou a acadar entre setenta e douscentos mil mortos. O sistemático xenocidio tiña intereses tan oscuros como a cor do petróleo, que, actualmente,

están explotando máis dunha decena de empresas petrolíferas occidentais no denominado “Timor Gap”, unha zona en augas territoriais da illa no Índico que, segundo algúns especialistas, é un dos maiores xacementos de ouro negro naquel continente (Marques, 2006; Pena, 1998).

A axencia de intelixencia norteamericana (CIA) tivo muito que ver ca ocupación do territorio timorense por parte de Indonesia, pois apoiou abertamente a operación diante do temor ó expansionismo chinés (dentro da dinámica política da Guerra Fría), que podía chegar a aliarse co Frente Timorense de Liberación Nacional (FRETILIN), de militancia filo-comunista, posteriormente transformado nunha guerrilla que sobreviviu ata a independencia de Timor Leste máis como símbolo dunha resistencia que como esperanza dunha victoria militar (Mattoso, 2005). Agora, porén, China ten unha relación privilexiada cos Estados Unidos; de feito, trátase dunha das nacións máis favorecidas polo comercio norteamericano para propiciar a entrada nese mercado ós produtos da súa industria. Precisamente, foi a tentación do mercado indonesio, que atinxe os douscentos millóns de persoas (o cuarto país máis poboado do mundo) e o petróleo nas augas timorenses o que motivou en grande medida que Estados Unidos continuase protexendo a *integridade* territorial do arquipélago indonesio ata 1999 (segundo a mesma argumentación da potencia ocupante) antes que os dereitos humanos en Timor Oriental, malia os reiterados chamamentos da ONU a favor da retirada indonesia.

Pero os timorenses tiveron a suficiente intuición para decatarse de que a defensa dos dereitos humanos e da identidade maubere, cunha cultura que tiña evolucionado ó longo dos séculos por vieiros diferentes ós valores e tradicións das diversas etnias e culturas do arquipélago indonesio, podía carecer de influencia no contexto diplomático ou político, pero era un magnífico argumento na “batalla” da propaganda. Porque ésa era a única forma de vencer o silencio imposto polas axencias de información internacionais sobre este xenocidio, no fondo e na forma comparable (salvando as distancias, claro) ó cometido polo nazismo sobre o pobo xudeu ou o Pol Pot sobre os camboianos. A política de esquecemento do drama foi artellada pola dictadura de Suharto (que impediu a entrada de xornalistas en Timor) para evitar que a opinión pública occidental poidese ser alertada polas sistemáticas medidas represoras contra o pobo timorense e exercer a presión mediática correspondente diante dos sus gobernos nacionais (Pena, 1998). Foi finalmente a diplomacia do Vaticano (que tenta protexer os católicos timorenses fronte a dominante cultura musulmana en Indonesia), ca axuda do Estado luso e un grupo de representantes timorenses liderados por José Ramos Horta os que decidiron emprender unha orquestada campaña de propaganda internacional para promover a independencia de Timor Leste como solución ó conflito. O punto de inflexión da “batalla” propagandística contra o silencio estivo marcado pola

matanza acontecida no cemiterio de Santa Cruz, en Dili, o 12 de novembro de 1991. Alí faleceron máis dun cento de estudantes timorenses que se tiñan concentrado, en sinal de homenaxe, diante da tumba dun compañeiro que tiña sido asasinado días atrás polo exército indonesio.

Aquela nova traxedia avivou o clamor dos medios de comunicación portugueses, secudandos por declaracións de repulsa do propio goberno de Anibal Cavaco Silva, que axitaron a sociedade portuguesa. Na nosa opinión, os sucesivos gobernos portugueses apoiaron sen condicións a causa timorense porque sempre viron na cuestión de Timor Oriental unha excelente oportunidade para proxectar a imaxe de solidariedade e unidade nacional fronte a un inimigo común nunha causa cuxa solución o Estado luso, historicamente, só promoveu accións simbólicas sen demasiada influencia internacional. Os partidos políticos lusos saben dos beneficios propagandísticos cada vez que se solidarizan co drama timorense porque os *media* e a opinión pública portuguesa están enormemente sensibilizados con esta cuestión. O goberno portugués, pois, sempre soubo que calquera tipo de iniciativa a favor da liberación dos timorenses contaría co apoio incondicional da sociedade portuguesa; ademáis o risco de enfrontamentos externos con outros países resultou mínimo porque o asistía a razón e así o respaldaban as resolucións da ONU.

Pola súa parte, a Igrexa Católica adoptou unha posición sempre firme, pero prudente, en defensa dos intereses timorenses, emitindo diversos comunicados e organizando foros internacionais para difundir o drama timorense.⁴ Aínda que o Vaticano endexamais presionou directamente o réximen indonesio nin tivo unha posición diplomática pública demasiado comprometida, o episcopado portugués sí abanderou un movemento favorable á causa timorense que conseguiu que o Papa Juan Pablo II viaxara a Dili en misión pastoral en outubro de 1989 (Barbedo de Magalhães, 1992, p. 44).⁵ Tanto o goberno como a Igrexa portuguesa, en calquera caso, traballaron no mesmo senso non só para loitar polos dereitos humanos dos timorenses. No caso do goberno luso, pretendía, en primeiro lugar, restituir a honra e a soberanía da nación internacionalmente; e, en segundo lugar, “promocionar” un conflito que, francamente, melloraba a súa imaxe pública. A Igrexa, en cambio, procuraba, esencialmente, protexer ós seus fieis católicos e non perder unha posición estratéxica nun continente maioritariamente musulmán, como xa se apuntou máis atrás. Os dous, Igrexa e

⁴ Por exemplo, a organización católica alemá Evangelische Akademie Iserlohn organizou, entre o 30 de setembro e o 2 de outubro de 1994, en colaboración ca Universidade de Porto e outras institucións alemás e holandesas, un congreso internacional en Berlín, dirixido polo Dr. Rüdiger Sareika, o Dr. A. Barbedo Magalhães, Pedro Pinto Leite e Peter Franke. O título do congreso era sintomático: *The European Responsibility for East Timor*.

⁵ Sobre a posición da Igrexa Católica en relación ó conflito timorense xusto antes de desencadenar la ofensiva propagandística internacional, véxanse os seguintes números do boletín *Timor-Leste*, órgano da Comissão Para os Dereitos do Povo Maubere: ano VII, nº 62, marzo de 1991, p. 1 e 2; ano VII, nº 64, maio de 1991, p. 2 e 3.

Estado, colaboraron en accións propagandísticas conxuntas, como, por exemplo, a organización periódica, na Universidade do Porto, dun curso sobre Timor Oriental. Este foro de debate, ó que foron convidados profesores e estudantes de diferentes países, foi subvencionado con fondos do Ministerio de Educación, do Movemento Cristão para a Paz e a Unviersidade Católica Portuguesa.

Pola súa banda, Indonesia tentou en varias ocasións iniciar negociacións con Portugal, pero sempre mantivo unha actitude propagandística defensiva. En 1991, Suharto propuso ó goberno portugués a normalización de relacións diplomáticas entre os dous países cas seguintes condicións iniciais a cambio da integración de Timor Oriental en Indonesia: apertura dun consulado e un Instituto da Cultura Portuguesa en Dili, liberación de tódolos presos políticos timorenses e participación de Portugal, como accionista, na explotación do petróleo do “Timor Gap” (Abreu, 1997, p. 265). Condicións que non foron aceptadas polo presidente portugués Mário Soares. Diplomáticamente, Portugal nunca estivo disposto a ceder á integración do seu territorio colonial en Indonesia, malia que algúns timorenses eran partidarios desa saída ó conflito. De feito, o 14 de agosto de 1993, trinta e cinco xefes de tribus tradicionais timorenses (os denominados “liurais”) emitiron unha declaración favorable á integración. (Abreu, 1997, p. 103).

Indonesia reaccionou ás presións pechando o territorio ocupado ás visitas da prensa estranxeira que non tivesen autorización expresa do goberno. Ó mesmo tempo, os seus propagandistas promocionaban as vantaxes que supoñía para a etnia maubere que Timor Leste se integrase dentro da súa nación como a 27ª provincia. O Departamento de Información do réximen de Suharto editou diversos folletos e libros en inglés sobre o progreso acadado pola poboación maubere baixo a súa administración.⁶ Esta propaganda foi difundida internacionalmente a través das súas legacións diplomáticas sen moita afouteza para non irritar algunhas sensibilidades. Nembargantes, o discurso propagandístico indonesio era demoledor co papel xogado por Portugal durante a súa etapa colonial, como se apuntaba nun dos libelos a favor da integración: “(...) As the direct result of 450 years of Portuguese colonial rule, almost all the population of East Timor found themselves in a state of extreme backwardness in many aspects of life. Indicative of this backwardness, for instance, the prevalence of 80% illiteracy, the very primitive system of agriculture, the very low mobility of the inhabitants and the concentration of their adobe in isolated regions (...)”⁷

3. O poder da imaxe da traxedia como palanca da conciencia internacional

⁶ *East Timor after integration*, Yakarta, Information Department, s. d., 149 p.

⁷ *Ibidem*, p. 83.

A referida masacre de Santa Cruz foi un acontecemento mediático de gran proxección internacional que removeu moitas consciencias. Pero cando aconteceu a traxedia xa estaba creada unha extensa rede de colaboradores timorenses por todo o mundo que se encargaban de dar a coñecer (a través de múltiples accións propagandísticas) o xenocidio de Timor Leste. Esta rede organizouse por medio de varias plataformas de apoio internacional relacionadas cos *lobbies* timorenses espallados en diferentes países, aínda que concentrados e con máis actividade, fundamentalmente en Australia, onde residía a maior colonia de exiliados, Portugal e Estados Unidos. Entre as organizacións asociadas á defensa dos intereses timorenses no mundo podemos citar: a Tapol no Reino Unido, a East Timor Alert Network en Canadá, a Osttimor Kommiten en Suecia, a Asia Watch en Estados Unidos, a Pacific Concern Resource Center en Nova Zelandia, a Australian Council for Overseas Aid en Australia, a Association Solidarité Timor Oriental en Francia, a Coordinadora Italiana di Solidarità con il Popolo di Timor-Este, o Free East Timor Coalition en Xapón, etc.⁸

Dende todos estes frentes levaronse a cabo iniciativas diversas para darlle ó conflito unha dimensión informativa mundial. Creouse unha especie de gabinete de propaganda liderado por José Ramos Horta, que actuou como voceiro do pobo timorense no exterior (apoiado polo Estado portugués) (Abreu, 1997, p. 261), cuxo obxectivo prioritario era “desenterrar” ós mortos timorenses para amosalos á opinión pública internacional. Trátabase, xa que logo, de despertar dunha vez ós medios de comunicación occidentais do seu letargo con respecto ó xenocidio timorense. Co pulo deste aparato de propaganda, foise extendendo unha rede de información cada vez máis influente da que xurdiron diversas publicacións con noticias exclusivas sobre o conflito; organizáronse mítines, realizáronse xeirias por universidades e outras institucións educativas, concertáronse decenas de entrevistas radiofónicas e televisivas, enviáronse cartas de denuncia e comunicados constantes ás redaccións de xornais locais e internacionais, así como a políticos e diplomáticos... Con todo isto, forxáronse os mitos da traxedia e procurouse incrementar o interese do público pola cultura maubere reivindicando as súas especificidades a través dos seus principais símbolos para diferenciarse das tradicións e das manifestacións culturais indonesias; editáronse incontables libros de propaganda que narraban as peripecias de superviventes da invasión ou que contaban experiencias da represión indonesia, imprimíronse postais, pegatinas, carteis, pins e toda clase de material propagandístico para suscitar cada vez máis adhesións (Ramos-Horta, 1998).

Os estudantes asasinados en Santa Cruz en novembro de 1991 non eran os únicos mortos da represión dignos de ser utilizados como mártires da represión indonesia na

⁸ Revista *Timor Oriental*. Santa Cruz, Lisboa, diciembre de 1991, p. 1.

campanha internacional que o aparello de propaganda timorense planificou. Pero naquela matanza de inocentes estudantes había un elemento poderoso e demoledor dende o punto de vista publicitario: *a imaxe da morte*. Ou sexa: o azar e a imprudencia do exército indonesio propiciou que houbera imaxes daquela execución colectiva de xóvenes desarmados. Os periodistas norteamericanos Alan Nairn, do *The New Yorker*, Amy Goodman, da *Radio WBAI*, os británicos Steve Cox, de *The Independent*, e Max Sthal, da *Yorkshire Television*, xunto cos australianos Russel Anderson e Bob Muntz, estaban no escaerio do crime cando aquél aconteceu, autorizados polo goberno de Suharto (que naquela época comezaba ceder as presións exteriores para abrir o territorio ós medios de comunicación internacional) para que fixeran reportaxes sobre os progresos sociais e económicos de Timor Leste (Barbedo de Magalhães, 1992, p. 61-62). Aínda que os xornalistas foron expulsados *ipso facto* e as súas cámaras requisadas, conseguiron sacar unha cinta ca filmación da execución en directo; ademáis, eles convertíronse en testemuñas excepcionais dun asunto que suscitou o máximo interese informativo.

Esta relevante e desgraciada noticia deulle un pulo trascendental á campaña a favor da independencia de Timor Leste. O rostro da morte tiña sido filmado en directo; o poder propagandístico das imaxes deste drama serviu para “fabricar” un dos símbolos máis eficaces da comunicación política timorense. Nada máis conmovedor, máis espeluznante, máis impactante, para a opinión pública internacional, que pasar por televisión a escea dun asesinato en masa, a sangue fría, nos informativos de *prime time*. No mercado da comunicación global, a cuestión de Timor Oriental transformouse, automaticamente, nun valor de especial transcendencia para a axenda informativa dos medios de comunicación. De repente, as canles comezaron a apuntar as súas cámaras hacia aquel punto da xeografía do sureste asiático. Por fin, os timorenses conseguiron que os seus “gritos” atravesaran o silencio informativo. Así se forxou o mito da resistencia dun pobo indefenso que loita polos seus dereitos contra un impío genocidio (Pena, 1998).

O poder publicitario da televisión poñíase por primeira vez ó servizo dos propagandistas timorenses a gran escala. Esta especie de “bengala de socorro” audiovisual, que ocupou durante semanas a atención dos medios de comunicación mundiais, era un aceno do destino que conseguiu suscitar os intereses da opinión pública global polo conflito. Era necesrio, xa que logo, avivar os argumentos da propaganda para trasladar o problema a un ámbito internacional e acadar unha permanencia na *agenda-setting* dos medios. As imaxes dos estudantes fuxindo do horror, co traqueteo das metralletas dos soldados detras deles, foron convertidas nun símbolo do martirio dunha loita que comezaba a escalar posicións no *ranking* dos conflitos máis noticiados polas axencias internacionais. As esceas captadas pola *Yorkshire TV* sensibilizaron moitas consciencias; eran apenas un

minuto de desenfocadas e trepidantes imaxes tomadas por un profesional atemorizado, pero que deixaban patente a pegada da traxedia. Os rostros dos estudantes aterrorizados que escapaban embarullados en medio dunha polvareda, mentres se escoitaban os gritos dalgúns deles que suplicaban piedade mentras recibían a resposta metálica das armas dos soldados indonesios, foi unha proba definitiva para demostrar o *modus operandi* que seguía a política de integración dos timorenses por parte do goberno de Iakarta (*Expresso*, 30-11-1991, p. 8).

Aquelas imaxes, que poñían en evidencia a indefensión dos timorenses diante da crueldade do exército indonesio, deron lugar a un feixe de iniciativas solidarias co pobo de Timor Leste. Durante os meses seguintes á matanza de Santa Cruz sucedéronse incontables accións políticas e sociais en apoio da causa timorense, alentadas polas organizacións católicas portuguesas e o propio goberno, ó tempo que os medios de comunicación enchíanse de informacións e comentarios relativos ó conflito.

O problema de Timor Oriental pasou a ser a noticia máis rentable para a prensa portuguesa. Os lectores e as audiencias dos medios audiovisuais querían saber máis sobre a evolución dos acontecementos. O diario portugués *Público*, ó igual que outras cabeceiras de relevancia, optou por rotular as páxinas dedicadas ós sucesos de Dili co reclamo “Timor-Dili: depois da massacre”. Este mesmo xornal recollía, o 3 de decembro de 1991, unha axenda de accións públicas solidarias: nela sinalábanse varias convocatorias de manifestacións de colectivos como o Núcleo de Intervenção pela Solidariedade entre os Povos, o Movimento Português de Estudantes Universitários ou a União dos Sindicatos de Aveiro, entre outros (*Público*, 02-12-1991, p. 11). Xunto a estas concentracións comprometidas ca causa maubere, aqueles días celebrouse tamén unha misa a favor dos mártires timorenses na igrexa lisboeta Santa Maria de Belém. Mentres tanto, o Sindicato de Profesores de Portugal organizaba un debate sobre Timor no Hotel Roma ca participación de xornalistas que tiñan informado sobre o asunto, como Adelino Gomes, Rui Araújo, Mário Robalo e a australiana Jill Jolliffe. E para dispor de financiamento para continuar ca campaña tamén se fixeron numerosas cuestións destinadas á resistencia timorense.

Unha das iniciativas que tivo máis repercusión foi a dos artistas e galeristas de Lisboa. Uns e outros uníronse para realizar, entre o 7 e o 15 de decembro, no Palácio de Galveias, unha exposición solidaria con Timor Leste. “(...) Desde o 25 de Abril de 1974 que o noso país não vivia o entusiasmo e unidade de uma causa justa e comum, ainda para mais na extrema nobreza de não corresponder a outros interesses que não seja o desejo de lutar pelo direito de um povo amigo a uma vivência livre e autónoma (...)”, dicía o manifesto asinado polo comité organizador, do que formaban parte Alda Cortez, Graça Fonseca, António Bacalhau, Leonel Moura, Pedro Portugal e Pires Vieira. Os beneficios da venda dos

cadros expostos revertiron tamén a favor da independencia timorense. Pola sua parte, os afamados grupos musicais Xutos & Pontapés, Rádio Macau, Delfins e Censurados ofreceron un concerto no campo José Alvalade o 8 de decembro baixo o lema “Xanana Gusmão é o guía dos timorenses”, cuxos beneficios (doados á causa timorense) acadaron os 2 millóns trescentos mil escudos (*Público*, 02-12-1991, p. 11).

Na orixe de todas estas accións solidarias estaban aquelas imaxes que os propios órganos propagandísticos da resistencia timorense no exterior multiplicaron a súa difusión. A asociación A Paz e Posíbel em Timor Leste publicou varias revistas en edición bilingüe (francés-inglés) adicadas exclusivamente a dar a coñecer os datos da represión indonesia. Na portada das publicacións aparecía unha das imaxes captadas en Santa Cruz pola *Yorkshire TV* máis impactantes, na que se ve a un mozo acribillado polas balas que aperta cas súas máns ensanguentadas o estómago, mentres se desangra no chan auxiliado por varios compañeiros.

O poder das imaxes, pois, foi determinante para impulsar a campaña de propaganda internacional a favor da independencia da ex colonia portuguesa, que foi protagonista de foros políticos e culturais internacionais dende que aconteceu a traxedia de Santa Cruz. Despois, desencadenáronse de maneira imparable diversas accións de apoio, entre as cales destaca a campaña internacional da Missão de Paz em Timor, que se iniciou ca captación de fondos antes do verán de 1991, acompañada de numerosos actos reivindicativos en todo o mundo, que incluíron concentracións diante das embaixadas de Indonesia, roldas de prensa de denuncia, etc. Na Misión de Paz, que se desenvolveu entre febreiro e marzo de 1992 participaron un centenar de persoas procedentes de diferentes países. Entre elas, atopábase o ex presidente da República portuguesa, António Ramalho Eanes, varios deputados australianos, representantes de asociacións de estudantes dunha vintena de países, dirixentes de organizacións humanitarias como Amnistía Internacional e xornalistas dos principais medios lusos e axencias internacionais. A Misión de Paz foi unha excelente plataforma de proxección internacional que tivo o efecto agardado: os medios de comunicación de referencia mundial informaron de forma extensa sobre a cuestión timorense e os políticos de diversos países comezaron adherirse espontaneamente á causa (Cabrera, 1995).

A campaña da Misión incrementou notablemente a notoriedade de líderes timorenses como José Ramos Horta ou o bispo de Dili, Ximenes Belo, que cada vez eran máis solicitados para comparecer diante dos medios. Xustamente, foron estes dous protagonistas da campaña internacional a favor dos dereitos humanos en Timor os distinguidos co Premio Nobel da Paz en 1996. Esta circunstancia incrementou aínda máis a presión sobre o goberno indonesio e os actores políticos internacionais para buscar unha

solución ó conflito. Os novos Premios Nobel realizaron unha xeira internacional para involucrar a gobernos democráticos a favor da liberación de Timor Leste ata que, finalmente, tódalas xestións realizadas dende diferentes frentes diplomáticos desembocou, como xa se coñece, nun referéndum que proclamou democráticamente a independencia do territorio en agosto de 1999; resultado que foi recoñecido pola ONU, que estivo presente con efectivos militares durante todo o proceso de transición, que culminou en 2002, cando se creou o primeiro goberno presidido polo ex guerrilleiro Xanana Gusmão. O escudo do país foi aprobado o 18 de xaneiro de 2007.

Porén, como xa é sobradamente coñecido, desde entón a situación de Timor Leste atravesou por situacións moi complicadas; perdeu interese informativo, o que lle restou a proxección pública necesaria para seguir contando ca solidariedade internacional; Indonesia segue mantendo unha importante influencia sobre a nova nación, en moitos momentos desestabilizadora; o país non logrou aínda a suficiente cohesión política, social e “nacional” e, ademáis, a situación económica é extremadamente precaria. O actual presidente de Timor Leste, Ramos Horta, foi tiroteado na súa propia casa en 2008 e seguen os enfrontamentos entre os afíns á antiga potencia invasora e os partidarios da progresiva nacionalización do territorio. Pero estes xa son sucesos da crónica xornalística que merecerán unha reflexión académica con outra perspectiva de análise.

4. Conclusións

O colonialismo territorial europeo e norteamericano, unido ó neocolonialismo económico e mediático, deixou a moitas rexións do planeta (especialmente ós pobos minoritarios como o maubere ou de algunhas rexións africanas) no limbo do esquecemento público, a non ser que, por razóns moitas veces comerciais, as grandes axencias de información decidan centrar a súa atención nelas temporalmente. No caso de Timor Leste, a resistencia á represiva ocupación indonesia deciciu centrar a súa enerxía en desenvolver campañas de comunicación internacionais para acadar o obxectivo fundamental: a liberación do pobo timorense. Na desconcertante sociedade dixital, cunha opinión pública cada vez máis saturada de información, probablemente a planificación estratéxica dunha boa campaña de comunicación sexa na actualidade o método máis eficaz para despertar a conciencia da nova cidadanía global. Neste sentido, Timor Leste é un claro exemplo da importancia estratéxica que hoxe ten a articulación de accións de carácter comunicativo para conseguir que determinados conflitos, esquecidos polas estruturas do poder informativo internacional, poidan ocupar un espazo na *axenda* dos medios de comunicación occidentais, que exercen unha relevante influencia sobre a opinión pública mundial.

Bibliografía

- ABREU, Paradela de (1997). *Timor. A verdade histórica*. Lisboa: Luso-Dinastia.
- BARBEDO DE MAGALHÃES, A. (1992). *East Timor. Indonesian occupation and genocide*, Porto: Porto University.
- CABRERA, Ana Maria dos Santos (1995). *A viagem do Lusitânia Expresso a Díli: percurso de um pseudo acontecimento* (tese de mestrado). Lisboa: Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Unviersidade Nova de Lisboa.
- CARRASCALÃO, Maria Ângela (2002). *Timor. Os anos da Resistência*. Queluz: Mensagem.
- CABECINHAS, R. (2006). "Identidade e Memória Social: Estudos comparativos em Portugal e em Timor-Leste" (pp. 183-214). In Martins, M., Sousa, H., & Cabecinhas, R. (eds.). *Comunicação e Lusofonia: Para uma abordagem crítica da cultura e dos media*. Porto: Campo das Letras.
- CORTE-REAL, B. & BRITO, R. (2006). "Aspectos da política linguística de Timor –Leste. Desvendando Contra-Correntes" En Martins, M., Sousa, H., & Cabecinhas, R. (eds.). *Comunicação e Lusofonia: Para uma abordagem crítica da cultura e dos media*. Porto: Campo das Letras, pp. 123-132.
- GUNN, Geoffrey (1999). *Timor Loro Sae: 500 Anos*. Lisboa: Livros do Oriente.
- GUSMÃO, Xanana (1994). *Timor Leste. Um povo, uma pátria*. Lisboa: Colibrí, 5ª edição.
- JOLIFFE, Jill (1978). *East Timor. Nationalism and colonialism*. Brisbane: University of Queensland Press.
- MARQUES, Rui Pereira (2006). *Timor Leste: O Agendamento Mediático*. Porto: Porto Editora.
- MARTIN, Ian (2001). *Autodeterminação em Timor-leste. As Nações Unidas, o voto e a intervenção internacional*. Lisboa: Quetzal.
- MATTOSO, José (2005). *A dignidade. Konis Santana e a Resistência Timoreense*. Lisboa: Temas & Debates.
- PENA, Alberto (coord.) (2004). *Comunicación y Guerra en la Historia*, Santiago de Compostela: Tórculo.
- Idem (1998). "Propaganda política, derechos humanos e independencia nacional: el caso de Timor Oriental", *Historia y Comunicación Social*, nº 3, pp. 365-372.
- PIRES, Mário Lemos (1994). *Descolonização de Timor. Missão impossível?*. Lisboa: Publicações D. Quixote, 3ª edição.
- RAMOS-HORTA, José (1998). *Timor Leste. Amanhã em Díli*. Lisboa: Publicações Dom Quixote, 2ª edição.

TAYLOR, John G. *Indonesia's forgotten war. The hidden history of East Timor*, Londres e Nueva Jersey: Zed Books.